



RESOLUCIÓN DA SELECCIÓN DE PROXECTOS DO FONDO DE PROXECTOS CULTURAI XACOBEO 2021

Modalidade: Música, artes escénicas e audiovisual

I ANTECEDENTES

1 Mediante a Resolución do 22 de maio de 2020, da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo, aprobáronse as bases para presentar creacións culturais, bens ou servizos de consideración análoga, coa finalidade de configurar un fondo de contidos creativos de interese cultural e artístico, lingüístico e turístico denominado Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021(Fondo X21).

2 O anuncio da convocatoria e as bases publicáronse na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística o 23 de maio de 2020 para que as persoas destinatarias presentasen as súas iniciativas que, segundo a base 9 da indicada convocatoria, son as persoas físicas ou xurídicas que teñan plena capacidade de obrar e que non estean incursoas nalgunha prohibición de contratar, que teñan domicilio fiscal na Comunidade Autónoma galega e que acrediten que as actividades profesionais das persoas físicas ou o obxecto social das persoas xurídicas inclúen a xestión cultural e/ou artística, en concreto:

- a) Empresas culturais e/ou artísticas
- b) Cooperativas culturais e/ou artísticas
- c) Entidades ou institucións privadas de carácter cultural e sen ánimo de lucro que contén con persoal empregado nas súas estruturas organizativas
- d) Profesionais do sector cultural e artístico galego

II CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

1 A base 12 da convocatoria prevé que a selección de proxectos será realizada por unha comisión técnica de análise integrada por tres persoas expertas designadas





pola persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo para cada modalidade das previstas nestas bases.

2 O día 27 de maio de 2020, mediante un acordo do secretario xeral de Política Lingüística, nomeáronse as persoas técnicas que integran as tres comisións técnicas das tres modalidades do Fondo Xacobeo 2021. Na primeira das tres modalidades inclúiranse os proxectos musicais, audiovisuais e de artes escénicas. Na segunda terán cabida os proxectos para dinamizar a lingua galega, o patrimonio cultural e os proxectos editoriais, literarios e expositivos. A última das modalidades está dirixida ao ámbito xacobeo, turístico, xeográfico, paisaxístico, gastronómico e de usos e costumes sociais.

A convocatoria prevé que os proxectos seleccionados se publicarán periodicamente para cada modalidade mediante unha resolución do secretario xeral de Política Lingüística na web www.lingua.gal. Nela indícarase, por orde de prelación, a puntuación obtida por cada proxecto seleccionado. Tamén se publicarán os proxectos non seleccionados e, de ser o caso, os motivos de desistencia ou rexeitamento.

A publicación dos proxectos seleccionados non xerará dereitos económicos en favor das persoas interesadas ata que se formalice a adxudicación administrativa e, de ser o caso, o contrato correspondente, de acordo coa normativa contractual que resulte de aplicación.

En virtude do exposto, e de acordo co informe de valoración de cada proxecto e o protocolo de actuación do 1 de xuño de 2020 da comisión técnica de análise dos proxectos para obxectivar os criterios de selección,

RESOLVO:

1 Seleccionar os proxectos da modalidade de música, artes escénicas e audiovisual, que a continuación se indican e, así mesmo, iniciar os trámites para a súa contratación:





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Secretaría Xeral de Política Lingüística

SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	FORMATO	ORZAMENTO
XARDA SOCIEDADE COOPERATIVA	"Xapón-Galicia: Non tan diferentes": Documental para chegar Xapón e Galicia e dúas rutas irmás: o Kumano Kodo e o Camiño de Santiago	DIXITAL	7.949,70
ASOCIACIÓN CULTURAL CINEMATOGRÁFICA DE GALICIA FIC BUEU	Desenvolvemento de 2 obradoiros de creación cinematográficos dos que resultarán dúas curtametraxes	PRESENCIAL / MATERIAL	9.600,00
FERNANDO REYES FERRÓN	"Pèlerinage, 1726": 2 concertos (tiorba e recitado), documental e vídeos do concerto	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	4.000,00
NO MAJORS SL	"Estela, coidadora do Camiño": webserie protagonizada por monicreques, ambientada no Camiño de Santiago	DIXITAL	9.800,00
ASOCIACIÓN CULTURAL DO PORRIÑO	"Cans, camiño dixital": 13 audiovisuais para difundir online contidos xerados polo Festival de Cine de Cans	DIXITAL	9.946,20
SÉTIMA S. COOP. GALEGA	"As ondas": Curtametraxe de ficción protagonizada por 2 rapazas de 20 anos e ambientada nunha etapa do Camiño Portugués	DIXITAL	10.000,00
CAMILO BLANCO PAMPÍN	"E quen fai música para nós?": Produción de 6 cancións en galego de música urbana escritas e interpretadas por artistas noveis	DIXITAL	3.993,00
KIRENIA MARTÍNEZ ACOSTA	Programa bimensual de creación de públicos culturais de comunidade (rurais femininos e infantoxuvenís) mediante 4 cursos de danza, interpretación e expresión corporal no Courel	PRESENCIAL / MATERIAL	4.000,00
ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO	Ciclo de 2 Concertos sinfónicos en aberto en Mos e Salvaterra	PRESENCIAL / MATERIAL	10.000,00
FÉLIX RODRÍGUEZ LAMAS	"Saaabor": 3 pases do espectáculo cómico que mestura música, maxia, humor, moito ritmo e co mundo da gastronomía de fondo	PRESENCIAL / MATERIAL	3.434,40
LABORATORIO ESCÉNICO, S. COOP. GALEGA	3 producións de artes escénicas e música e 1 vídeo artístico	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	9.994,60
Aeb COMUNICACIÓN E DESEÑO SC	Proxecto audiovisual que mostre a realidade da 36 Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia	DIXITAL	9.559,00



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Secretaría Xeral de Política Lingüística

SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	FORMATO	ORZAMENTO
MARÍA LARRAIZ URRUZOLA	4 actuacións na rúa ou nas praias co espectáculo de monicreques "Dona Barriga Verde" e un vídeo resumo	PRESENCIAL / MATERIAL	4.000,00
ATLÁNTICO PRODUCCIÓN S TEATRAIS SL	"De abrentes e ocasos": 4 representacións dun recital dramatizado de poesía galega contemporánea con música orixinal interpretada en directo	PRESENCIAL / MATERIAL	10.000,00
ASOCIACIÓN CULTURAL XACARANDAINA	3 actuacións do Grupo de Música e Baile Tradicional Xacarandaina (na súa totalidade ou por calquera das súas seccións musicais)	PRESENCIAL / MATERIAL	9.600,00
ELOY ENCISO CACHAFEIRO	"Todo é cárcere": Proxecto artístico de vídeo e web divulgativa sobre espazos de represión franquista en Galicia	DIXITAL	4.000,00
DANIEL GARCÍA CABEZA	"Don Gelati 3.0": Webserie de 6 episodios de curta duración (aproximadamente 6 minutos). Neles, o público, guiado ou acompañado por "Don Gelati", poderá ser partícipe da maxia.	DIXITAL	4.000,00
REBORDELOS SL	2 actuacións do espectáculo teatral "Liberto" no espazo que designe a Consellería de Cultura e vídeo promocional	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	10.000,00
MIREN MIRARI URRUZOLA TOLOSA	"Minia convidate a xogar": espectáculo para a primeira infancia (1-6 anos) que busca promover o xogo na infancia, excitar a curiosidade, enriquecer o imaxinario e apreciar a novidade e a aventura (5 funcións)	PRESENCIAL / MATERIAL	3.750,00
A XANELA DO MAXÍN SL	"Os toupiconsellos": 10 capítulos de 1 minuto de duración. Creación audiovisual para a infancia na que un monicreque dá consellos útiles na vida diaria	DIXITAL	8.470,00
ESPERANZA MARÍA FILGUEIRA RAMA	"Música medieval en Camiño: Portus Apostoli": 7 miniconcertos en 3 espazos do patrimonio histórico de Noia, interpretando pezas de música medieval en galaico-portugués	PRESENCIAL / MATERIAL	3.850,00
JESÚS OLIMPIO GIRÁLDEZ RÍO	Traballo documental sobre o proceso de estudo, medición, reprodución en plano e construción da "Requinta", fruta traveseira tradicional galega	DIXITAL	3.993,00
CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA	"Circo Atlántico": Proxecto que busca vencellar positivamente o mundo do circo galego ao patrimonio cultural e ao patrimonio relacionado co feito Xacobeo	PRESENCIAL / MATERIAL	10.000,00
JUAN ALFONSO CURIEL ARES	Disco inédito "Cantigas da lírica medieval galega". 1 Videoclip en emprazamentos dos Camiños. 2 Concertos	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	3.968,80
ANXO GARCÍA FERNÁNDEZ	"Cocer e cantar": Espectáculo de monicreques. 4 funcións a realizar nos camiños de Santiago	PRESENCIAL / MATERIAL	3.872,00



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Secretaría Xeral de Política Lingüística

SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	FORMATO	ORZAMENTO
VIRAVOLTA TÍTERES SL	"Cómicos da Legua no Camiño de Santiago". Documental sobre o bululú galego e o ñaque	DIXITAL	9.716,30
URDIME, S. COOP. GALEGA	Xornada cultural para público familiar que inclúe teatro, música e contacontos	PRESENCIAL / MATERIAL	9.988,00
MARÍA MERCEDES HERNÁNDEZ MOURIÑO	Concerto "Ay Santiago!": Cantigas medievais da peregrinación a Santiago. Material audiovisual para redes	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	4.000,00
MIRANDA PRODUCCIONES SL	Maria do Ceo canta aos poetas galegos (3 concertos)	PRESENCIAL / MATERIAL	9.264,46
CRISTIAN LEGGIERO FERNÁNDEZ	"Entre viñas": clásicos galegos en clave de jazz	PRESENCIAL / MATERIAL	3.993,00
PULSA CONTROL Z SL	2 concertos e vídeo dunha actuación en directo da Banda Crebinsky	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	9.982,50
JUAN ANTONIO SOMOZA CADILLO	"Noite de verbena no Camiño": Música de verbena para todos os públicos	PRESENCIAL / MATERIAL	3.454,56
ANTONIO IGLESIAS ARIAS	Curta "Encarnados"	DIXITAL	3.993,00
RUBÉN CAPELÁN PEREIRA	"Enraizada": evento musical impulsado por "Repica" e coa participación de Sofía Espiñeira e "Caldo", que ofrece unha xornada de música galega	PRESENCIAL / MATERIAL	4.000,00
NELSON QUINTEIRO ROA	2 videoclips do traballo discográfico "Músicas de Domingo"	DIXITAL	3.995,00
ARTESA ARTÍSTICA SL	"Historia musical do Camiño de Santiago": espectáculo musical en directo que conta a historia do cancionero do Camiño de Santiago (2 representacións)	PRESENCIAL / MATERIAL	10.000,00
TÍTERES CACHIRULO SL	Audiovisual do espectáculo "As Xenerais da Ulla", con monicreques, cancións populares en vivo e personaxes do entroido galego	DIXITAL	9.850,00
MANUEL GUTIÉRREZ IGLESIAS	Visita ao Pazo do Faramello e concerto de Manuel Gutiérrez (presencial e audiovisual)	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	3.970,00
ELEFANTE ELEGANTE SC	"Os soños de Xulieta": 3 videocreacións musicais / teatrais independentes entre si, unidos pola simboloxía onírica de Xulieta	DIXITAL	10.000,00
PUZZLE ANIMACIÓN SL	"Culturbrea 2020": ciclo de microconcertos e espectáculos de pequeno formato que se desenvolverán nos recunchos de Mondoñedo durante o verán de 2020	PRESENCIAL / MATERIAL	10.000,00



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Secretaría Xeral de Política Lingüística

SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	FORMATO	ORZAMENTO
COPERACTIVA CULTURAL SL	8 pezas audiovisuais a partir das escenas que compoñen o espectáculo "Falar sen cancelas"	DIXITAL	9.970,40
XURDIR SL	"O peregrinar da auga: fontes galegas do Camiño Francés": documental que valoriza as fontes do Camiño	DIXITAL	10.000,00
FILMIKA GALAIKA SL	Curtametraxe "Apuntamentos para Sycorax", dirixida por Lois Patiño e Matías Piñeiro	DIXITAL	10.000,00
MARTÍN MARTÍNEZ ÁLVAREZ	"Déixaos falar": canción inédita composta por Martín Maez, cunha mensaxe de apoio ao colectivo LGTBI, acompañada do deseño gráfico correspondente e dun vídeo	DIXITAL	2.450,00
EVENTOS RETALLISTAS SL	Concertos de música variada, en sesión vermouth, os sábados en 4 mercados tradicionais	PRESENCIAL / MATERIAL	10.000,00

A partir da publicación desta resolución na páxina web e dentro do ano natural 2020, as persoas solicitantes dos proxectos seleccionados, segundo a relación prevista no parágrafo anterior, recibirán unha notificación formal da resolución de adxudicación da persoa titular da secretaría xeral de Política Lingüística. Nela, indicaráselles as características esenciais para a adquisición das creacións culturais, lingüísticas e/ou artísticas e/ou dos bens culturais seleccionados e, igualmente, as condicións para a execución doutros servizos; e, así mesmo, de ser o caso, o prazo previsto para formalizar o contrato correspondente e a forma de facturación e de pagamento. logo da correspondente xustificación.

2 Desestimar os seguintes proxectos:

SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	ORZAMENTO	PUNTUACIÓN CALIDADE (mínimo 35 puntos de 75)	CAUSAS DE DESESTIMACIÓN	FORMATO
GUSTAVO DEL RÍO PRIETO	Proxecto "Castrapo": contidos audiovisuais para a súa difusión en redes sociais	4.000,00	20,01 puntos	Puntuación insuficiente	DIXITAL
LAURA BEATRIZ DIEZ DAGLIO – TANGO EN GALICIA	"Tango a dos 2020": espectáculo de tango arxentino	3.920,00	28,67 puntos	Puntuación insuficiente	PRESENCIAL / MATERIAL
FERNANDO CAYAZO RODRÍGUEZ	Gravación de 2 entrevistas a representantes de asociacións contra o maltrato infantil, combinadas con imaxes e vídeos do espectáculo sobre violencia doméstica "Karelu"	4.000,00	25,33 puntos	Puntuación insuficiente	DIXITAL



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Secretaría Xeral de Política Lingüística

SOLICITANTE	OBJECTO / TÍTULO	ORZAMENTO	PUNTUACIÓN CALIDADE (mínimo 35 puntos de 75)	CAUSAS DE DESESTIMACIÓN	FORMATO
EVENTOS ESPECTÁCULOS DEL NOROESTE SL	“Danza no Camiño”: Festival de baile tradicional por diferentes lugares por onde pasa o Camiño de Santiago portugués	10.000,00	30,33 puntos	Puntuación insuficiente Memoria descriptiva que carece de claridade ou dunha descrición suficiente para a súa adecuada valoración	PRESENCIAL / MATERIAL
SOLIMUSIC EVENTS SL	“Teatro no Camiño”: Programación teatral ao atardecer en diferentes localizacións do Camiño Francés	10.000,00	13,33 puntos	Puntuación insuficiente	PRESENCIAL / MATERIAL
CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ-GRANXEIRO	“Un día normal”: Curtametraxe documental de 25 minutos. Comedia na que se cruzan o racismo e a xenofobia, o machismo e o feminismo	1.452,00	27,99 puntos	Puntuación insuficiente	PRESENCIAL / MATERIAL
A PANADERÍA, S. COOP. GALEGA	“A canción do verán de A Panadaria”	10.000,00	28,67 puntos	Puntuación insuficiente	DIXITAL
JACOBO PAZ LIMIA	“Pilgrimsleden (A ruta do peregrino)”: guión dunha longametraxe documental para irmandar Galicia e Noruega a través do Camiño de Santiago	4.000,00	26,67 puntos	Puntuación insuficiente	PRESENCIAL / MATERIAL
CULTURINVEST SL	Dinosaurs Live: The Exhibition: exposición interactiva de dinosauros anamatrónicos con movemento real e actividades para gozar en familia	10.000,00	20,67 puntos	Puntuación insuficiente	PRESENCIAL / MATERIAL
GUSTAVO COUTO RODRÍGUEZ	“Andainas de Lázaro co Cego de Camiño a Compostela”: Curtametraxe musical guiada por un cego e o seu lazarillo que percorrerá parte do Camiño Francés dende Portomarín ata Compostela seguindo as etapas marcadas	3.950,00	25,33 puntos	Puntuación insuficiente	DIXITAL
VANESSA RÁBADE RAMOS	“#SeriedoConfinamento”: colección fotográfica de 59 imaxes que plasma o confinamento	3.250,00	30,67 puntos	Puntuación insuficiente	PRESENCIAL / MATERIAL





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Secretaría Xeral de Política Lingüística

SOLICITANTE	OBJECTO / TÍTULO	ORZAMENTO	PUNTUACIÓN CALIDADE (mínimo 35 puntos de 75)	CAUSAS DE DESESTIMACIÓN	FORMATO
DANIEL RODRÍGUEZ PALACIOS	“As cousas que importan”: Curta de tipo experimental que busca xerar unha experiencia sensorial inmersiva centrada no son	3.829,16	34,00 puntos	Puntuación insuficiente	DIXITAL
ACUARELA COMUNICACIÓN SLL	Reedición e masterización de 7 documentais sobre escritores e actos históricos relacionados coa lingua galega	6.776,00	16,00 puntos	Puntuación insuficiente	DIXITAL

3 Excluir os seguintes proxectos:

SOLICITANTE	OBJECTO / TÍTULO	ORZAMENTO	CAUSAS DE EXCLUSIÓN	FORMATO
CUARTETO CARAMUXO SL	Producción do terceiro traballo discográfico do “Cuarteto Caramuxo”	9.680,00	Contidos non axustados ás bases	PRESENCIAL / MATERIAL
SAMUEL DIZ SIERPE	XIV edición de “Música no claustro” (1-7 de agosto na Catedral de Tui)	4.000,00	Contidos non axustados ás bases	PRESENCIAL / MATERIAL
MELGO CINEMA SL	“Ti primeiro”: produción de novela visual protagonizada por unha parella nova que abre a súa relación	2.400,00	Contidos non axustados ás bases	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS
10d10 SOLUCIONES ACERTADAS SL	“Elas son artistas: Festival metropolitano pola igualdade nas artes e na música”: Ciclo de actuacións en 14 sedes diferentes de 8 concellos da área metropolitana da Coruña coa muller como protagonista	9.982,50	Contidos non axustados ás bases	PRESENCIAL / MATERIAL
LORENA GÁNDARA ROJO	“Música Meiga”: Concerto dun grupo de música galego para colaborar coa Noite Meiga de Ribadavia	6.400,00	Memoria descritiva que careza de claridade ou dunha descrición suficiente para a súa adecuada valoración	PRESENCIAL / MATERIAL
MANUEL ARAUJO MONTERO	Creación dunha web 360 para ofertar servizos culturais e creativos adaptados a nova realidade	3.774,50	Contidos non axustados ás bases	DIXITAL
ANTÓN REIXA RODRÍGUEZ	“A revolución non será televisada”: axuda para gravar un EP	3.397,68	Contidos non axustados ás bases	PRESENCIAL / MATERIAL



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Secretaría Xeral de Política Lingüística

SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	ORZAMENTO	CAUSAS DE EXCLUSIÓN	FORMATO
DIEGO MUÑOZ BARCIA	“O abecé do Camiño”: As 23 letras do abecedario galego convértense en 23 vídeos de curta duración cos que coñecer mellor o patrimonio, a cultura e as costumes de Galicia	3.993,00	O proxecto vinculado é igual. Non son proxectos vinculados, senón o mesmo proxecto presentado por dúas persoas diferentes	DIXITAL
DIEGO SANTACLARA FERRADÁS	“O abecé do Camiño”: As 23 letras do abecedario galego convértense en 23 vídeos de curta duración cos que coñecer mellor o patrimonio, a cultura e as costumes de Galicia	3.993,00	O proxecto vinculado é igual. Non son proxectos vinculados, senón o mesmo proxecto presentado por dúas persoas diferentes	DIXITAL
JAVIER GÓMEZ LOJO	“No Golfo”: montaxe por parte da compañía Señora Supina. Obra de temática LGBTI	4.000,00	Contidos non axustados ás bases	PRESENCIAL / MATERIAL

A presente resolución esgota a vía administrativa e as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro de 2015), ou ben interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo previsto legalmente.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital deste documento

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

